

## LIBROS



Foi en 1974 cando a editorial Akal publicaba esta "Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas", inquérito asinado por un dos intelectuais máis importantes deste país, Xesús Alonso Montero. Hoxe, case vinte e cinco anos despois, é Alvarellos quen recupera o traballo en edición facsimilar, na que, ademais do contido orixinal, inclúe un limiar no

que se contextualiza aquel acontecemento –así hai que definilo pola repercusión que tivo– e se explican todas as circunstancias que fixeron daquel libro unha das achegas máis interesantes da nacente sociolingüística galega.

Alonso Montero confeccionou un cuestionario con dezaoito preguntas dirixidas a coñecer do interlocutor cuestións como o papel e o futuro das linguas minorizadas nun contexto de globalización, en que modo afecta á poboación ese estatus de minorización da lingua ou de prevalencia dunha sobre outra en territorios bilingües, a súa opinión sobre se un idioma é un instrumento de clase etc. O cuestionario de Alonso Montero foi respondido por unha parte pequena, aínda que representativa, dos persoeiros seleccionados –foron 36, maioritariamente españois, entre os que se atopan Alfonso Sastre, Dámaso Alonso, Ricard Salvat, Gonzalo Anaya ou Salvador Espriu– que se pronunciaron sobre a lingua e mais a literatura autóctonas, un tema, o das linguas "rexionais" do Estado, que interesaba á intelectualidade antifranquista. Velaquí o resultado, zugoso desde o principio ao fin.

## ENCUESTA MUNDIAL SOBRE LA LENGUA Y LA CULTURA GALLEGAS

Xesús Alonso Montero  
Alvarellos / 17 euros

Dobre libro esta semana. "O branco país sen neve" e "A serea do mundo" supoñen a



viaxe iniciática de Encarna Otero Cepeda no eido da literatura infantil. Para iso, a profesora e política compostelá asociouse a unha experimentada e xa recoñecida debuxante, Elisa Gallego, quen dá mostras nestes dous volumes da súa habelencia e, o que é máis palpable, da magnífica e perfecta combinación coa escritora. O resultado, dous álbums compactos nos que sobresa a voz poética, lírica, da autora. A primeira historia, a de "A serea do mundo" fala precisamente dun deses seres míticos, dos anxeos e dos soños desa metade muller metade peixe, que pretende abranguer toda a beleza do mundo e das súas xentes descubriendo e mostrando todos os recunchos paradisíacos que se agochan nas augas e nas costas, pero para iso precisa escamas, e non sempre as hai. O segundo, "O branco país sen neve" é o obxectivo, consagrado, dunha nena que soña cun lugar así, sen límites nin horizontes. Nos libros, na

sabedoría, atopa a nena o modo facer realidade as súas arelas. E alí, nesas páxinas, atopa, pois, o segredo da felicidade pretendida.



## A SEREA DO MUNDO e O BRANCO PAÍS SEN NEVE

Encarna Otero. Ilustra Elisa Gallego Picard  
Galaxia / 16,50 euros cada un



Vicente Araguas



## CEDEIRA MUSICAL

Escrito o título que antecede a miña reseña de hoxe din en pensar que viña de incorrer nun flagrante pleonasma (un dos mellores aquel que sinalaba Godard da expresión "cine americano"). Porque dicir Cedeira é dicir música, a faltar, a barullo, a esgalla, como nomear pistas de baile, conxuntos, rondallas, orquestras ou –tamén– aos Irmáns Peñamaría cantando "Comandante Che Guevara" ou "Color café". E a José Luís, "Lubio", compoñendo "Calusa" ou como guitarrista de Alfredo Zitarrosa.

Así que Cedeira musical sempre, e eu mesmo non dou esquecido aqueles veráns de canción (e queimada) interminable, como o mar de Cedeira ou a xira a San Antón (e Andrés Do Barro, levando o seu camiño por toda a xeografía). Ou, metidos en romarías, a de San Andrés de San Teixido, e esa canción marabillosa que leva Miro Casabella no seu repertorio e que se chama "Romance das tres comadres", xa saben, "Elas eran tres comadres/ e d'un barrio todas tres/ fixeron a merendiña/ para ir ó San Andrés".

"Ofrece o contexto histórico e humano para entender mellor o porqué de todo isto"

É pois xa imos entrando en materia digamos que as diferentes versións desta xenial cantiga están no libro que teño diante miña, voluminoso, no tamaño e máis na entrega do autor, José Antonio Suárez Aneiros, e que leva por título "A música popular en Cedeira e no seu contorno" (Deputación da Coruña, A Coruña, 2008). Un libro de lectura, e aínda pertenza, obrigada para quen se sinta atraguido polo suxectivo do tema. E non soamente porque aborda (abalroa, se nos poñemos mariñeiros, que si pois este son vén de Cedeira) a melomanía cedeirana (e da súa zona de influencia) senón porque ofrece o contexto histórico e humano (a intrahistoria) pa-



"A música popular en Cedeira e no seu contorno"

José Antonio Suárez Aneiros

Deputación Provincial da Coruña / 20 euros



O autor, en primeiro termo, durante a presentación / Luis Polo

ra entender mellor o porqué de todo isto.

Nin máis nin menos que unha fervenza musical de sete estalos como a recollida (recuperada en moitos casos) por Suárez Aneiros, quen ao brindar as partituras correspondentes está facéndolle o traballo máis sinxelo a todos. A todos os que desexen revivir tanta riqueza, tanto tesouro como se fora abeirando en templos, teatros-cines (como ese marabilloso de Arribí, que brilla na capa do libro de Suárez Aneiros, no ano 1928, moito antes pois de que o esnaquizara o lume en nubes de esquezo), pistas de baile (mítico Tres de Oros, no que tanto temos danzado aqueles que chegamos a Cedeira a bordo dun non menos lendario "Pegaso") e bótenlle fío ao papaventos melómano como vivir en Cedeira.

O volume de Suárez Aneiros, imprescindible xa digo, vén acompañado dun importante aparato documental (literario e gráfico), no que non fallan as referencias ao eruditísimo cronista da vila, Rafael Usero, ese luxo. Con xente como Usero as vilas galegas son outro asunto, como a provincia de Jules Lafargue ou Pimentel. Libro este de consulta obrigada, para ter na biblioteca e agarimalo cos ollos e máis co oído. Un volume, pois, para os sentidos. Eses que foi deitando co seu esforzo grandísimo este Suárez Aneiros, benemérito.